



COTA EXTRAORDINARIA URXENTE EN SOLIDARIEDADE COA REVOLUCIÓN CUBANA

O Comité Executivo do PCPE acordou o establecemento dunha cota extraordinaria urxente en solidariedade coa revolución cubana.

As desfeitas gravísimos ocasionados polo furacán Gustav en Pinar del Río e na Illa da Mocidade, víronse incrementados posteriormente polo paso do furacán Ike. A actual situación require que todo o movemento revolucionario mundial poña de manifesto a súa solidariedade coa Revolución cubana nestes momentos de graves dificultades.

A cota extraordinaria establécese por contía indeterminada, en función da capacidade de cada militante, e a recadar ata o día 5 do mes de outubro. Os responsables de finanzas territoriais ingresarán o importe recadado polas súas organizacións nas finanzas centrais antes desa data.

O Comité Executivo fai un chamamento a toda a organización e a toda a militancia para que se faga o máximo de esforzo para responder a este chamamento. Na práctica habemos de demostrar como entendemos os nosos principios de internacionalismo proletario.

A Revolución cubana caracterízase precisamente pola aplicación consecuente deste principio nos lugares máis diversos do planeta; agora tócanos a nós corresponder na medida das nosas capacidades e pondo a proba a real dimensión do noso compromiso revolucionario.

Compañeiras, amigos e simpatizantes: se queredes colaborar con esta campaña poñemos á vosa disposición o noso número de conta, no que podedes facer o ingreso engadindo se queredes o voso nome e en todo caso, o concepto: aportación solidariedade con Cuba.

Grazas e saúde.

2080 0522 9 8 0000008803 CAIXA NOVA